

Resolución do 9 de decembro de 2008, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, convocado pola Orde do 13 de decembro de 2007 desta consellería, pola que se lles dá publicidade a determinados acordos do tribunal.

En sesión que tivo lugar o día 9 de decembro de 2008, o tribunal designado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG número 72, do 15 de abril), e modificado pola Orde do 22 de abril de 2008 (DOG número 81, do 28 de abril) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, convocado pola Orde do 13 de decembro de 2007 desta consellería de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes exentos da realización do quinto exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.5 da convocatoria.

Segundo.-Facer pública, de acordo coa base IV.2, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo coa mencionada base, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentar a documentación prevista nas letras A), B), C) e D) da citada base.

Terceiro.-Elevar a devandita relación á titular da Dirección Xeral de Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos aspirantes que figuren nela.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2008.

Rosa E. Fernández González
Presidenta do tribunal

ANEXO

Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos.

Promoción interna

Nº orde	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	4º exercicio	5º exercicio	Total
1	Calvo Ocampo, María Esther	32667226G	58	89,47	58,33	exenta	exenta	205,80

Acceso libre

Nº orde	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	4º exercicio	5º exercicio	Total
1	Torrado Solar, Pablo	44828434P	85	84,63	90	24	exento	290,63
2	Suárez Morao, Marta	44829020L	85	100	73,33	24	exenta	282,33

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 3 de decembro de 2008 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e de inspectores de educación.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 237, do venres, 5 de decembro de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 21.779, base décima, o número 1.3 debe quedar redactado como segue:

«1.3. De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, para participar no concurso de traslados a prazas en que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, o profesorado terá que acreditar a capacitación na devandita lingua, e deberá estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes. De conformidade co establecido no devandito decreto, nas especialidades de filosofía, xeografía e historia, física e química, bioloxía e xeoloxía, matemáticas, debuxo e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario referentes á formación profesional específica, en todas as especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional e nas especialidades de acrobacia, canto aplicado á arte dramática, caracterización e instrumentaria, danza aplicada á arte dramática, dicción e expresión oral, dirección escénica, dramaturxia,

esgrima, espazo escénico, expresión corporal, iluminación, interpretación, interpretación con obxectos, interpretación no musical, interpretación no teatro do xesto, literatura dramática, técnicas escénicas, técnicas gráficas, teoría e historia da arte e teoría teatral, todas elas do corpo de profesores de música e artes escénicas, será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou superalo a través de proba libre. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias previsto na base décimo novena».

Corrección de erros.-Orde do 10 de decembro de 2008 pola que se fan públicas as vacantes provisórias dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas e nas sedes da Inspección Educativa para o curso 2009-2010.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 243, do martes, 16 de decembro de 2008, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

No anexo I:

Onde di: «Prazas bilingües francés», debe dicir: «Prazas bilingües inglés»; onde di: «Prazas bilingües inglés», debe dicir: «Prazas bilingües francés».

No IES de Ames-15027721, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 1 prazas»; onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES Elviña-A Coruña-15005579, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 praza», debe dicir: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 0 prazas»; onde di: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 1 praza»; onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES Adormideras-A Coruña-15026716, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 004

(lingua castelá e literatura) 0 prazas»; onde di: «disciplina 006 (matemáticas) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 006 (matemáticas) 0 prazas».

No IES A Sardiñeira-A Coruña-15027770, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 010 (francés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 010 (francés) 0 prazas»; onde di: «disciplina 011 (inglés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 011 (inglés) 0 prazas».

No IES Marqués de Suanzes-Ferrol-15006754, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 007 (física e química) 1 praza», debe dicir: «disciplina 007 (física e química) 0 prazas».

No IES Leixa-Ferrol-15021469, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 018 (orientación educativa) 1 praza», debe dicir: «disciplina 018 (orientación educativa) 0 prazas».

No IES Ricardo Carballo Calero-Ferrol-15025645, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 1 praza», debe dicir: «disciplina 004 (lingua castelá e literatura) 0 prazas».

No CPI Cernadas de Castro-Lousame-15008039, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 011 (inglés) 1 praza», debe dicir: «disciplina 011 (inglés) 0 prazas».

No IES Maruxa Mallo Ordes-15027939, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 006 (matemáticas) 1 praza», debe dicir: «disciplina 006 (matemáticas) 0 prazas».

No IES Breamo-Pontedeume-15020556, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 017 (educación física) 1 praza», debe dicir: «disciplina 017 (educación física) 0 prazas».

No IES nº 1-Ribeira-15014568, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 0 prazas», debe dicir: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 1 praza».

No IES Leliadoura-Ribeira-15027711, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 1 prazas», debe dicir: «disciplina 008 (bioloxía e xeoloxía) 0 prazas».

No IES Eduardo Pondal-Santiago de Compostela-15015861, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 005 (xeografía e historia) 1 praza», debe dicir: «disciplina 005 (xeografía e historia) 0 prazas».

No IES Antonio Fraguas Fraguas-Santiago de Compostela-15025712, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 002 (grego) 1 praza», debe dicir: «disciplina 002 (grego) 0 prazas».

No CPI de Viaño Pequeño-Trazo-15020994, prazas non bilingües, onde di: «disciplina 009 (debuxo) 1 praza», debe dicir: «disciplina 009 (debuxo) 0 prazas».

No IES Alexandre Bóveda-Vigo-36011798 prazas non bilingües, onde di: «disciplina 005 (xeografía e historia) 1 praza», debe dicir: «disciplina 005 (xeografía e historia) 0 prazas».